

FUNCIONAMENTO DO AUTOBÚS ESCOLAR

Horarios das liñas de autobús:

- Sairán da 1ª parada ás **8:55** horas e do colexio ás **16:00**.
- **As liñas 3 e 6** recollerán ao alumnado nas paradas citadas no cadro anterior, e ao regreso deixarano na beirarrúa de enfronte.

Cambio de liña de autobús:

- Calquera **cambio deberá xustificarse** por medio dun certificado de empadramento.

Recollida do alumnado na parada :

Segundo a normativa vixente relativa ás condicións de seguridade no transporte escolar e de menores:

- O alumnado debe ser **recollido na parada por algún familiar ou persoa autorizada** polos pais. Pode descargar a autorización da páxina web ou ben solicitala en secretaría.
- No caso de que os pais **desexen que o seu fillo/a vaia só para casa**, deberán autorizalo por escrito perante a dirección do Centro. Pode descargar o impreso na web ou solicitalo na secretaría do Centro. Se non hai tal autorización, será devolto ao Colexio.
- Se por calquera imprevisto **non houbera ninguén na parada** para recoller ao menor, o servizo de transporte o traerá de novo ao Colexio onde sempre haberá persoal de garda para custodiar o neno/a ata que sexa recollido pola familia ou persoa autorizada.

Infórmase que para **manter a condición de usuario** é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar , entendido este como uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso escolar 2015-2016, agás situacións excepcionais que deberán ser debidamente xustificadas.

Vigo, 8 de setembro do 2016